

# PROGRAMA

NIN EDADISMO NIN FENDA DIXITAL

# TIPS DE HISTORIA

O noso obxectivo é, unha vez máis, poñer a tecnoloxía ao servizo e alcance de todas as persoas que o precisen para o seu "bo vivir". A tecnoloxía como ferramenta de unión, divulgación e lecer. As TIC deben ser aliadas no proxecto de vida de cada quen.

Con esta meta xeral a nosa profesora voluntaria do programa de Voluntariado sénior da entidade, en colaboración co profesorado doutras materias, elaborou o temario deste proxecto e os contidos a divulgar.

# PROGRAMA

NIN EDADISMO NIN FENDA DIXITAL

## TIPS DE HISTORIA

Ela mesma representa a Xainza, a tik toker que fala de historia para todos os públicos, en 30 vídeos distintos, empezando no paleolítico e rematando coa Catedral de Santiago.

Buscamos así establecer un intercambio interxeracional real e duradeiro, onde os contidos que ela leva impartindo máis de 30 anos se adapten á linguaxe cotiá dos novos e se presenten nun formato atractivo a esta xeración, ao mesmo tempo que este proceso supuxo unha aprendizaxe para ela e o resto de participantes.

Neste proxecto non hai idadeismos, a calidade dos contidos e forma de comunicalo é unha mostra de talento sénior e é un primeiro paso para moitas máis posibilidades que van xurdindo.



**ATEGAL**

Formación permanente e ocio  
para **persoas adultas**



**XUNTA  
DE GALICIA**

# ÍNDICE




1. Paleolítico
2. O lume.
3. Neolítico.
4. Neolítico. A roda.
5. Megalítico.
6. Os mouros.
7. Os metais.
8. Petróglifod.
9. Os castos I.
10. Os castros II.
11. Os romanos I.
12. A conquista de Galicia.
13. Os romanos III. O latín.
14. As murallas e as vías romanas.
15. Minaría romana. As minas de ouro.
16. Galicia romana, pontes e faros.
17. O cristinismo e prisciliano.
18. Exeria. A primeira peregrina.
19. Idade Media. Os xermánicos.
20. Idade Media. Os suevos.
21. Os visigodos.
22. Idade Media. Fin dos visigodos.
23. Idade Media. O descubrimento da tumba do apóstolo.
24. O apóstolo.
25. A primeira catedral de Santiago.
26. O camiño de Santiago.
27. Os peregrinos.
28. A catedral románica de Santiago I.
29. A catedral románica de Santiago II.
30. A catedral de Santiago. O pórtico da gloria.



# PALEOLÍTICO

Explicación do que sabemos do home primitivo dos tempos máis remotos. Así como a súa vida e como solucionaba as súas necesidades máis inmediatas.

Esta etapa abarca o período de tempo dende os 2.500.000 anos ao 10.000 a. C




**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio  
para **persoas adultas**



**XUNTA  
DE GALICIA**

# O LUME

Destacamos as diversas maneiras de empregar o lume e a importancia deste na vida primitiva.



**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio  
para persoas adultas




**XUNTA  
DE GALICIA**



# NEOLÍTICO

Tratamos a primeira das revolucións da historia da humanidade, o paso de ser nómade a sedentario, con todo o que leva aparelado ( agricultura e gandería, oficios, etc.).

Época que abarca dende o 6.000 a.C. ao 5.000 a.C.



ESCANÉAME





**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio  
para persoas adultas



**XUNTA  
DE GALICIA**

# NEOLÍTICO. A RODA.

É a etapa na que aparecen os distintos oficios artesáns, axudando así nas tarefas da vida cotiá. Atopamos o exemplo da alfarería que empregaba a roda, o gran invento desta etapa.



**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio  
para persoas adultas




**XUNTA  
DE GALICIA**

# MEGALÍTICO

Amosamos a primeira arquitectura monumental do home, destacando a súa relación coa espiritualidade.

Encádrase dentro do período Neolítico.





**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio  
para persoas adultas



**XUNTA  
DE GALICIA**

# OS MOUROS

As lendas aínda se conservan a día de hoxe en Galicia, entre as que se atopan as dos mouros; uns seres imaxinarios a través dos que se explican a existencia de monumentos coma os castros que tan estraños eran para o pobo galego da época.



**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio  
para **persoas adultas**




**XUNTA  
DE GALICIA**



# OS METAIS

Tratamos a utilización dos metais, para todo tipo de actividades e a chegada dos pobos mediterráneos a Galicia en busca deles.

Dende o 5.000 a. C. ao 1.000 a. C.




**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio para persoas adultas



**XUNTA DE GALICIA**

# PETRÓGLIFOS

Dende o 5.000 a. C. ao 1.000 a. C.



**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio  
para **persoas adultas**





**XUNTA  
DE GALICIA**

# OS CASTROS. PARTE I

Tratamos a forma de vida dos castrexos, habitantes dos castros, que atopamos en toda Galicia.

Antepasados que marcan a cultura galega tamén na época actual.

Abarca os anos dende 1.000 a.C. ao 100 a. C.






# OS CASTROS. PARTE II.

Tratamos a forma de vida dos castrexos, habitantes dos castros, que atopamos en toda Galicia.

Antepasados que marcan a cultura galega tamén na época actual.


Abarca os anos dende 1.000 a.C. ao 100 a. C.



# OS ROMANOS

No momento que chegan os romanos a Galicia, esta pasa a formar parte dos pobos coñecidos polos historiadores romanos.

Século III a. C. ata o século II a. C.



**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio  
para persoas adultas




**XUNTA  
DE GALICIA**

# A CONQUISTA DE GALICIA

Os romanos tardaron tempo en conquistar a Península e a conquista tanto de Galicia coma das terras do norte non foi doada. Os pobos do noroeste resisten ferozmente e ata despois da lendaria Batalla do Medulio non se pode considerar pacificada.

Século I.




**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio  
para **persoas adultas**



**XUNTA  
DE GALICIA**

# O LATÍN

Tratamos a importancia do Latín como lingua aportada polos romanos e que unificou a comunicación entre os habitantes da península que previamente falaban outras linguas. Dende o século III a. C. ata o século V.



**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio  
para *persoas adultas*




**XUNTA  
DE GALICIA**

# AS MURALLAS E AS VÍAS ROMANAS

Resaltamos a importancia da muralla de Lugo, a única muralla romana que conserva completa, e tamén das vías que permiten e dan lugar a que se manteña o comercio activo e facilitaba o dominio político e militar do territorio.

Dende o século III a. C. ata o século V.



**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio  
para **persoas adultas**




**XUNTA  
DE GALICIA**

# MINARÍA ROMANA. AS MINAS DE OURO

Explicamos o curioso procedemento que empregaban os romanos para recoller as pebidas de ouro que tan famosa facían á comarca do Bierzo.

Dende o século III a. C. ata o século V.





**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio  
para **persoas adultas**



**XUNTA  
DE GALICIA**

# GALICIA ROMANA. PONTES E FAROS

Exponse tanto a importancia das pontes para atravesar os numerosos ríos de Galicia durante o período de tempo do século III a.C. ata o século V como a Torre de Hércules, faro que guiou aos navegantes durante séculos e séculos.



**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio  
para **persoas adultas**




**XUNTA  
DE GALICIA**

# O CRISTIANISMO E PRISCILIANO

O cristianismo entra en Galicia entorno ao S.III, por esta época existían moitas discrepancias e discusións no ámbito da igrexa.

Prisciliano foi un nobre de orixe galega que chegou a ser Bispo de Ávila. As súas predicacións foron rexeitadas por outros bispos e chegou a ser acusado e mandado axustizar polo emperador.





**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio  
para **persoas adultas**



**XUNTA  
DE GALICIA**



# EXERIA. A PRIMEIRA PEREGRINA

Exeria foi unha muller importante na historia, no século IV, xa que fixo o que se pensa que foi a primeira viaxe a lugares santos. Esta deixou recollido nun relato tódalas experiencias vividas ao longo da viaxe.



# IDADE MEDIA. OS XERMÁNICOS

Introdución á Idade Media, pon en relevancia a importancia dos pobos xermánicos, os fundadores das nacións europeas e a instalación en Galicia do pobo suevo no século V.



**ATEGAL**

Formación permanente e ocio  
para **persoas adultas**





**XUNTA  
DE GALICIA**

# IDADE MEDIA. OS SUEVOS


Este pobo xermánico, entre os séculos VI e VII, formou un reino en Galicia inspirándose na tradición romana e converteuse ao cristianismo.

A súa capital era Braga.



# OS VISIGODOS

Un pobo máis culto e numeroso instálase na península e conquista o territorio dos suevos. Algúns reis visigodos notables van unir este pobo cos hispanorromanos. Este feito prodúcese coa conversión de Recaredo ao catolicismo. O período de tempo que abarca é dende o século VI ao VIII.



**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio  
para **persoas adultas**





**XUNTA  
DE GALICIA**

# A IDADE MEDIA E O FIN DOS VISIGODOS

O reino visigodo desapareceu no século VIII debido á invasión dos musulmáns que viñan do norte de África.

Numerosas lendas bótanlle a culpa ao último rei chamado Don Rodrigo desaparecido nesta batalla.

Os nobres visigodos superviventes fuxiron cara o norte da península e iniciaron a fundación de pequenos reinos cristiáns.




**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio  
para **persoas adultas**



**XUNTA  
DE GALICIA**


# IDADE MEDIA. O DESCUBRIMENTO DA TUMBA DO APÓSTOLO

O descubrimento do sepulcro de Santiago no século IX foi un hito para o reino asturiano; o rei Alfonso II viaxou ata este lugar e ordenou construír unha igrexa entorno ao sepulcro, máis tarde ampliada.



# O APÓSTOLO

Falamos da vida do apóstolo Santiago, no século I, e das lendas que o rodean no seu milagroso traslado a Compostela.



**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio  
para **persoas adultas**




**XUNTA  
DE GALICIA**

# A PRIMEIRA CATEDRAL DE SANTIAGO




Cando se descubriu o sepulcro do apóstolo, o rei Alfonso II ordenou construír unha pequena igrexa para gardalo. Esta, sería de arte asturiano e xa non quedan restos dela.

Outro rei, Alfonso III mandou ampliar dita igrexa da que si se conserva no museo da catedral algún resto. Encontramos estes feitos entre o século IX e o s. X.



# O CAMIÑO DE SANTIAGO


Estudamos os camiños que conducían e conducen a Compostela dende o século IX ao século XII, cada un deles entraba por unha porta distinta da muralla da cidade.



# OS PEREGRINOS

Aquí expóñense as características do peregrino medieval, o cal tiña moitas dificultades para chegar a Compostela.

A súa indumentaria adaptábase tamén á viaxe que tiña que realizar, levando a famosa cuncha de vieira que se converteu no emblema da peregrinación a Santiago.



**ATEGAL**

Formación permanente e ocio  
para persoas adultas





**XUNTA  
DE GALICIA**

# A CATEDRAL ROMÁNICA DE SANTIAGO. PARTE I.

Facemos un breve percorrido da arquitectura da catedral de Santiago durante os séculos XI e XIII.


É unha igrexa románica de peregrinación que abunda nos camiños franceses. Destacan a súa altura e os seus anchos muros refrozados con contrafortes.



# A CATEDRAL ROMÁNICA DE SANTIAGO. PARTE II.

Explícanse brevemente as principais esculturas da catedral. As máis antigas están nas Praterías, onde se acumulan imaxes procedentes das distintas fachadas do monumento inexistentes a día de hoxe.

Destacamos a Porta Santa, adornada con imaxes do coro, situado no centro da nave ante o altar, do Mestre Mateo, no día de hoxe consérvase parte del no museo da Catedral.



**ATEGAL**  
Formación permanente e ocio  
para **persoas adultas**



**XUNTA  
DE GALICIA**

# A CATEDRAL DE SANTIAGO. O PÓRTICO DA GLORIA.

Aclaración breve do significado dun dos monumentos únicos na historia da arte: o Pórtico da Gloria.

Este, datado no século XII, representa o ceo con Xesucristo sentado no trono e rodeado das boas almas (os benaventurados) e das persoas maiores que tocan distintos instrumentos musicais do medievo.

